

 XUNTA DE GALICIA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Código	PC
		Versión	4
	POLÍTICA DE CALIDADE	Data	27/03/2025
		Páxina	1 de 2

A inspección ambiental é o instrumento básico empregado pola administración galega para acadar un desenvolvemento sostible en Galicia. O seu obxectivo fundamental é comprobar o grao de cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos impostos nas autorizacións e avaliacións ambientais de proxectos, plans e programas, así como a detección de actuacións non autorizadas nin avaliadas, co fin de acadar un nivel elevado de protección do medio ambiente e asegurar un desenvolvemento sostible. Ademais, para potenciar unha cultura medioambiental, a inspección ambiental leva a cabo unha importante labor de información ambiental, coa finalidade de prever calquera dano medioambiental e de acadar un nivel elevado de protección do medio ambiente.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, comprometida coa calidade e as esixencias sociais, ambientais e laborais demandadas polos grupos de interese ou partes interesadas, impulsa a implantación do Sistema de Xestión da Calidade en base á norma UNE-EN ISO 9001:2015 ao seguinte servizo:

Xestión, control, coordinación e seguimento de inspeccións ambientais no marco dos plans e programas establecidos pola administración autonómica de Galicia con competencias en materia de medio ambiente.

Actuando en base aos seguintes principios:

- i. Manter e mellorar continuamente o Sistema de Xestión da Calidade, facilitando todos os recursos que se considere necesarios para a consecución dos obxectivos operativos establecidos en coherencia con esta política na Inspección Ambiental.
- ii. Satisfacer os requisitos legais, regulamentarios e todos aqueles que subscriba ou se lle encomenden ao servizo por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade á que está vinculado orgánica e funcionalmente, así como as solicitudes de clientes e partes interesadas.
- iii. Enfocar o traballo da Inspección Ambiental á consecución de obxectivos operativos medibles, alcanzables, retadores, específicos e orientados á mellora continua.

 XUNTA DE GALICIA	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	PC
			Versión	4
	POLÍTICA DE CALIDADE		Data	**/02/2025
			Páxina	2 de 2

- iv. Adoptar criterios eficientes de xestión para: eliminar, minimizar, transferir ou, no seu caso, aceptar os riscos e oportunidades en todos os procesos da organización.
- v. Promover a formación e sensibilización permanente do persoal da Inspección Ambiental para mellorar a súa achega ao servizo, á vez que potenciar a capacidade de traballo en equipo.
- vi. Establecer canles efectivas de comunicación coas partes interesadas para o intercambio fluído de información, que permitan compartir experiencias, coñecemento e crear sinerxias.
- vii. Facilitar os medios adecuados para que esta política sexa comunicada, comprendida, interiorizada, implantada e seguida por todos os niveis da organización con tarefas na inspección ambiental.
- viii. Potenciar e promover medidas orientadas a reducir a pegada ecolóxica na actividade inspectora.

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade
(asinado dixitalmente)

María José Echevarría Moreno